

## Completa o texto de Aristóteles

Un fragmento da ética a Nicómaco

### Instruccións

Completa o texto reenchendo cada recadro coa palabra axeitada, que debes elixir entre as palabras propostas na lista que se che ofrece. Coidado coa ortografía, xa que a falta de acentos ortográficos, , por exemplo, ou a súa colocación equivocada, ou a confusión de letras maiúsculas e minúsculas, devolverá un erro. As palabras propostas poderían ter que estar dúas veces no texto.

Se o teu teclado non posúe a letra "ñ" obterás tamén un resultado erróneo, o que podes evitar copiando e pegando a palabra en cuestión no recadro correspondente; noutro caso, mira as respostas correctas e, (só se a ausencia do "ñ" é a causa do erro), considera válida a túa resposta.

### Exercicio

Lista de palabras (11)

“cabalo, natureza, produce, todos, ben, virtude, dicir, posíbel, home, hábito, bo”

Non abonda, sen embargo, con dicir así que a virtude é un \_\_\_\_\_, senón que é preciso \_\_\_\_\_ cal. Digamos, pois, que toda \_\_\_\_\_ perfecciona a boa disposición daquilo cuxa virtude é, e \_\_\_\_\_ axeitadamente a súa obra propia: como, por exemplo, a virtude do ollo fai \_\_\_\_\_ ao ollo e á súa función: pola virtude do ollo vemos ben. Do mesmo xeito a virtude do cabalo faino ser bo \_\_\_\_\_, apto para correr, para levar ao xinete e para esperar ao inimigo.

Se é así, pois, en \_\_\_\_\_ os casos, a virtude do \_\_\_\_\_ será entón aquel hábito polo cal o home faise bo e grazas ao cal realizará \_\_\_\_\_ a obra que lle é propia.

De que xeito sexa isto \_\_\_\_\_, xa o dixemos, pero farase máis claro aínda, se consideramos cal é a \_\_\_\_\_ da virtude.

## Solución

Non abonda, sen embargo, con dicir así que a virtude é un **[hábito]**, senón que é preciso **[dicir]** cal. Digamos, pois, que toda **[virtude]** perfecciona a boa disposición daquilo cuxa virtude é, e **[produce]** axeitadamente a súa obra propia: como, por exemplo, a virtude do ollo fai **[bo]** ao ollo e á súa función: pola virtude do ollo vemos ben. Do mesmo xeito a virtude do cabalo faino ser bo **[cabalo]**, apto para correr, para levar ao xinete e para esperar ao inimigo.

Se é así, pois, en **[todos]** os casos, a virtude do **[home]** será entón aquel hábito polo cal o home faise bo e grazas ao cal realizará **[ben]** a obra que lle é propia.

De que xeito sexa isto **[posíbel]**, xa o dixemos, pero farase máis claro aínda, se consideramos cal é a **[natureza]** da virtude.